

ESTATUTOS

DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS (ANPA)
DA SIONLLA, DO CEIP ARQUITECTO CASAS
NOVOA

ÍNDICE

Capítulo I	A denominación, os fins, o enderezo e mailo ámbito	3
(artigos 1 a 7)		
Capítulo II	Os órganos de goberno	6
	DA ASEMBLEA XERAL (artigos 8 a 12)	6
	DA XUNTA DIRECTIVA (artigos 13 a 23)	8
Capítulo III	As persoas asociadas	14
(artigos 24 a 28)		
Capítulo IV	O réxime económico	16
(artigos 29 a 32)		
Capítulo V	A disolución	17
(artigos 33 e 34)		
	Disposición adicional	18

CAPÍTULO I

A DENOMINACIÓN, OS FINS, O ENDEREZO E MAILLO ÁMBITO

Artigo 1º Coa denominación de "Asociación de Padres de alumnos del Colegio Nacional Mixto Comarcal Arquitecto Casas Novoa", constituíuse, en 1981, no agora CEIP Arquitecto Casas Novoa, do Concello de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña, unha asociación de nais e pais de alumnado, ó abeiro das leis vixentes nese momento, e que daquela quedou inscrita no Goberno Civil da Coruña.

Estes novos estatutos da asociación redáctanse para adaptarse ás leis agora vixentes. A partir da aprobación deles a denominación desta asociación será a **Asociación de Nais de Pais (Anpa) da Sionlla** (en diante, Anpa).

Esta Anpa réxese polos presentes Estatutos e, en todo canto non estea previsto nos mesmos, aplicarase a vixente devandita Lei Orgánica reguladora do Dereito de Asociación así como, a Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo de 1985, reguladora do Dereito á Educación e demais disposicións específicas de aplicación que proveñan da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal supletorio en ausencia do autonómico, segundo dispón a Constitución Española e as demais leis e disposicións complementarias aplicables.

Artigo 2º Esta Anpa constitúese por tempo indefinido, conta con plena capacidade xurídica e de obrar e carece de ánimo de lucro.

Artigo 3º Terá como fins os seguintes:

- A.** Defender o dereito das nais, pais, titoras e titores (en diante, familias) do alumnado do CEIP Arquitecto Casas Novoa e que as súas fillas, os seus fillos, as súas pupilas e os seus pupilos (en diante, o alumnado) reciban en forma eficiente o dereito constitucional ao ensino.
- B.** Asistir as familias en todo aquilo que concirne á educación do alumnado.
- C.** Colaborar nas actividades educativas do CEIP, sexan complementarias ou extraescolares.
- D.** Demandar das administracións competentes a existencia de axudas para as familias que non dispoñan de suficientes recursos económicos e informar delas.
- E.** Estimular e promover a participación das familias no control e na xestión do CEIP así como, na propia Anpa.
- F.** Facilitar a representación das familias do alumnado no Consello Escolar do CEIP e nos órganos colexiados que se establezan.
- G.** Estimular a participación das familias na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- H.** Fomentar as relacións de cooperación do CEIP co resto de centros educativos municipais, con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais da contorna.
- I.** Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do CEIP así como, a efectiva igualdade de dereitos de todo o seu alumnado, sen discriminación de ningunha clase.
- L.** Requirir dos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación recadando a atención e axudas que esta merece.
- M.** Promover actividades formativas, culturais, deportivas, de estudo e de lecer potenciando a lingua e a cultura galegas.

N. Favorecer as reunións de colaboración das familias co profesorado do CEIP e as boas relacións entre ambos os colectivos e, na mesma liña, aqueloutros encontros coas distintas administracións e organismos directamente implicados na Educación para defender un ensino público de alta calidade, gratuíto, igualitario e galego.

Ñ. Promover a actualización de todo tipo material escolar acorde aos avances da escola no seu tempo por parte das administracións públicas.

O. Aqueloutros que, non estando expresamente recollidos nestes Estatutos, sexan lícitos e teñan que ver coas funcións e obxectivos desta asociación.

Artigo 4º Para o cumprimento destes fins realizaranse actividades formativas, culturais e de estudo; reunións con todos os sectores da comunidade educativa e, aqueloutras tarefas tendentes para cumprir cos fins asociativos.

Artigo 5º Na realización das actividades que lle son propias, a Anpa utilizará, preferiblemente, locais do CEIP, previa comunicación da xunta directiva da mesma á dirección do instituto. A dirección deberá facilitar a integración das devanditas actividades na vida escolar consonte indica a lexislación vixente. Tamén poderá usar os espazos que outra institución pública ou privada poña á súa disposición previa comunicación da xunta directiva da Anpa a quen corresponda a titularidade do devandito espazo.

Artigo 6º Para o mellor cumprimento dos fins, a Anpa poderá constituír/integrarse en Federacións, Confederacións ou Unións con outras asociacións. Será facultade da asemblea xeral a decisión de integrarse nestas unións de asociacións.

Artigo 7º O ámbito de actividade da Anpa comprende todos os concellos onde resida o alumnado do CEIP e fixa o seu enderezo no CEIP Arquitecto Casas Novoa, sito no lugar da Sionlla de Abaixo – A Enfesta – Santiago de Compostela, provincia da Coruña.

CAPÍTULO II

OS ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno da Anpa son:

- A asemblea xeral
- A xunta directiva

DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 8º A asemblea xeral é o órgano supremo e soberano da Anpa. Está integrada por todas as persoas socias.

Artigo 9º As REUNIÓNs da asemblea xeral serán ordinarias e extraordinarias.

A asemblea xeral reúnese en sesión **ordinaria**, polo menos, **unha vez** no curso escolar, que deberá levarse a cabo no primeiro trimestre do mesmo, e nela preséntase a memoria e as contas do curso anterior, e acordarase o programa de actividades e actuacións así como o orzamento para o curso que está a comezar. Tamén procede a elección de membros da xunta directiva, cando corresponda por imperativo estatutario ou para cubrir posibles vacantes.

As sesións **extraordinarias** celébranse cando o acorde a presidencia, a xunta directiva, ou cando o solicite, por escrito no que figure a orde do día proposta, polo menos, o **dez por cento** das persoas asociadas.

Artigo 10º As CONVOCATORIAS das sesións da asemblea xeral realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como, a orde do día con expresión concreta dos asuntos que se han tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea xeral ordinaria en primeira convocatoria haberán de mediar, cando menos 7 días naturais, podendo así mesmo, facerse constar a data e hora en que se reunirá a asemblea xeral en segunda convocatoria sen que, entre unha e outra, poida mediar un prazo inferior a media hora.

Para a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria estipúlase un tempo mínimo de 48 horas.

Artigo 11º A CONSTITUCIÓN da asemblea xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, será válida en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo das persoas asociadas e, en segunda convocatoria calquera que sexa o número de persoas asociadas presentes. A mesa da asemblea estará constituída pola xunta directiva.

Artigo 12º Para adoptar ACORDOS téñense en conta as persoas socias presentes co pagamento da cota anual ao día. Terán cadanseu voto válido en todas as decisións que tome a Anpa ambas as persoas que ostenten a custodia legal da/-o menor, sen entender que existe representación tácita entrambas.

As votacións efectúanse a man alzada, aínda que pode ser secreta,

sempre que o soliciten a maioría das persoas asociadas presentes.

Os acordos tómanse por **maioría** simple das persoas asociadas presentes ou representadas, isto é, cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

É necesario o voto favorable da **maioría absoluta** das persoas asociadas presentes para adoptar as seguintes decisións:

- A.** Disposición e venda de bens.
- B.** Solicitud de Declaración de Utilidade Pública da Anpa.
- C.** Integración en federacións, confederacións ou unións.
- D.** Modificación estatutaria.
- E.** Disolución da Anpa.
- F.** Determinar a contía da cota anual.
- G.** Composición da xunta directiva.

DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13º A xunta directiva representa e administra a Anpa e está formada por:

- Unha presidencia
- Unha vicepresidencia (a cobertura deste posto non é obrigatoria)
- Unha secretaría
- Unha administración-tesourería
- As vogalías, no número que se determine na asemblea xeral.

Na xunta directiva debe cumprirse unha presenza de mulleres non inferior ao 40% do total, e cando menos 2 delas deberán desempeñar un cargo diferente a vogalía.

Artigo 14º Todos os cargos que compoñen a xunta directiva serán gratuítos. A asemblea xeral aprobará a escolla das persoas para

conformar a xunta directiva e será no seo desta onde se faga o reparto de cargos en aras do óptimo funcionamento da mesma. Deste reparto informárase na seguinte asemblea xeral. O seu mandato terá unha duración inicial dun ano, que poderá prorrogarse indefinidamente. En cada Asemblea Xeral Anual na que se aproben as contas da Asociación, deberá renovarse expresamente a confianza da Xunta Directiva e nomear e cesar os membros dela que a asemblea decida. Será incompatible pertencer á xunta directiva e ocupar cargos ou postos públicos ou privados que poidan causar conflitos de intereses coas finalidades a Anpa.

Artigo 15º As persoas integrantes da xunta directiva serán cesadas se concorren nalgunha incompatibilidade do artigo anterior, por perderen a condición de nai/pai, titora/titor coa custodia legal do alumnado do CEIP Arquitecto Casas Novoa e por non asistir, sen xustificación fidedigna, a tres reunións consecutivas da xunta directiva ou a cinco non consecutivas no período dun ano curso natural e serán substituídas dentro da propia directiva.

Artigo 16º A xunta directiva reúnese, como mínimo, cada dous meses, agás no período estival e, ademais, sempre que sexa convocada pola súa presidencia ou a pedimento dun terzo da totalidade das persoas que a compoñen. Queda validamente constituída en primeira convocatoria cando asistan máis da metade dos seus membros e, en segunda convocatoria cando asista un terzo dos mesmos. Os seus acordos adóptanse por maioría e, no caso de empate decide o voto de calidade da presidencia.

Artigo 17º A xunta directiva é competente para executar a vontade da asemblea xeral e para levar a cabo a xestión ordinaria da Anpa e as

súas funcións esténdense, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requira, segundo estes Estatutos, autorización expresa da asemblea xeral.

Son facultades da xunta directiva:

- A.** Dirixir as actividades da Anpa e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- B.** Executar os acordos da asemblea xeral.
- C.** Formular e someter á aprobación da asemblea xeral os balances anuais, o estado das contas anuais e número de familias socias, os orzamentos anuais, a memoria da xestión do curso e o programa de actividades do curso.
- D.** Resolver sobre a admisión ou baixa de persoas asociadas logo da audiencia das persoas interesadas, se fose necesario.
- E.** Designar persoas delegadas para algunha determinada actividade da Anpa e/ou crear comisións de traballo no seu seo.
- F.** Abrir e cancelar contas nas entidades bancarias.
- G.** Recibir as cotas que se establezan para as persoas socias na asemblea xeral, así como as subvencións e axudas económicas de calquera administración pública ou privada.
- H.** Manter actualizados todos os datos da Anpa diante da Xunta de Galicia no Rexistro de asociacións sen ánimo de lucro, incluídas no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación. Igualmente, coa(s) federación(s) á que pertenza e ante calquera outra institución que así o requira.
- I.** Ter e designar representantes da Anpa no Consello Escolar, no Consello Escolar Municipal, na(s) federación(s) á que pertenzamos e en calquera outro organismo que así o requira.
- L.** Levar a cabo a actualización permanente dos libros da asociación, legalmente establecidos, preferiblemente en soporte dixital.
- M.** Velar polo cumprimento destes Estatutos e a súa actualización cando

sexa precisa así como polos seguros de responsabilidade civil e o resto de documentación esixible para o legal funcionamento das actividades da Anpa.

N. Coidar e xestionar as ferramentas dixitais da Anpa así como os ficheiros e a información que albergan, velando pola súa actualización, conservación, custodia e o seu correcto uso.

Ñ. Tomar acordos sobre a posible exención do pago da cota, ou redución da súa contía, a aquelas persoas asociadas nas que se observen razóns de índole socio-económicas que así o aconsellen.

O. Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da asemblea xeral e sexa conforme á lei.

Artigo 18º A presidencia ten as seguintes atribucións:

A. Representar legalmente a Anpa ante toda clase de organismos públicos ou privados.

B. Convocar as sesións da asemblea xeral e a xunta directiva acordo maioritario da xunta directiva. Presidir e levantar ambas as sesións así como, dirixir as deliberacións dunha e doutra.

C. Ordenar pagamentos e asinar os libramentos de fondos (xunto coa administración-tesourería). Recibir, en nome da Anpa, calquera cantidade proveniente de subvencións de particulares ou entidades, tanto públicas como privadas.

D. Autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Anpa.

E. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Anpa aconselle ou que, no desenvolvemento das súas actividades, resulte necesaria ou conveniente, dando conta na seguinte reunión á xunta directiva.

F. Asumir, en todo caso, todas as facultades que a lei establece.

* En caso de ausencia nas reunións da asemblea ou da xunta directiva

será substituída pola vicepresidencia e, se faltasen ambas as persoas, polo cargo da xunta directiva de maior idade das presentes.

Artigo 19º A vicepresidencia (a cobertura deste posto non é obrigatoria) é a encargada de substituír a presidencia en ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións. A presidencia poderá delegar na vicepresidencia as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados e puntuais ou un conxunto dos mesmos coa conformidade da xunta directiva.

Artigo 20º A secretaría ten as seguintes funcións:

- A.** Dirixir os traballos administrativos da Anpa.
- B.** Expedir certificacións.
- C.** Levar os libros das persoas asociadas e das actas.
- D.** Custodiar a documentación da asociación. Para levar a cabo este labor, todas as persoas que xeren calquera tipo de arquivo que conteña información da Anpa deben facilitarllo á secretaría.
- E.** Tramitar as comunicacións de convocatorias das xuntas e das asembleas e levantar actas de ambas.
- F.** Facer que se cursen as comunicacións sobre os acordos das asembleas e xuntas así como, os demais acordos sociais que poidan ser inscritos nos correspondentes rexistros.
- G.** Velar pola presentación das contas anuais e do programa de actividades na asemblea xeral, polo cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan e, pola conservación dos locais sociais e garda o selo da Anpa.

En caso de ausencia nas reunións da asemblea ou da xunta directiva o seu posto será ocupado accidentalmente polo membro da xunta directiva presente que designe a presidencia.

Artigo 21º A administración-tesourería ten as seguintes encargas:

A. Recadar, custodiar e conservar os fondos e bens da Anpa.

B. Levar o libro de contas e asinar os libramentos de fondos (xunto coa presidencia).

C. Elaborar o proxecto de orzamento así como o estado de contas, que a xunta directiva debe someter ante a asemblea xeral e cantas outras actividades relacionadas cos recursos económicos da Anpa lle encargue a xunta directiva.

Artigo 22º As vogalías teñen as obrigas propias do seu cargo como membros da xunta directiva e poden recibir, por acordo desta, o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargas, comisións, representacións e outras tarefas que pola xunta directiva lles fosen encomendadas.

Artigo 23º As vacantes que se puideran producir no mandato dos cargos de presidencia, secretaría e/ou administración/tesourería da xunta directiva, ben pola renuncia voluntaria comunicada por escrito, ben polo incumprimento das obrigas inherentes ao cargo, serán cubertas polo membro ou membros que designe a xunta directiva de entre as persoas que a compoñen.

CAPÍTULO III

AS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 24º Poden ser integrantes da Anpa todas as persoas físicas que sexan maiores de idade e con plena capacidade de obrar e que posúan a custodia legal dalgunha persoa estudante no CEIP Arquitecto Casas Novoa. Alén diso, deberán estar ao día no cumprimento das obrigas que a asociación acorde, tales como o pago da cota establecida.

Artigo 25º Son dereitos das persoas asociadas:

- A.** Elixir e ser elixidas para todas as funcións representativas da Anpa.
- B.** Ter voz e voto nas reunións da asemblea xeral da Anpa.
- C.** Tomar parte en todas as actividades da Anpa e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio das asociadas.
- D.** Dirixir peticións e propoñer iniciativas aos órganos de goberno da Anpa.
- E.** Recadar e recibir da xunta directiva tanta información precisen sobre a xestión da Anpa.
- F.** Asistir a todas as reunións e actos convocados pola xunta directiva.
- G.** Ser informadas dos feitos e ser oídas antes da adopción contra elas de medidas de sanción.
- H.** Poder impugnar os acordos dos órganos da Anpa que estimen contrarios á lei ou a estes estatutos.
- I.** Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Anpa e na execución e eficacia deles.

Artigo 26º Son deberes das persoas asociadas:

- A.** Observar e cumprir estes Estatutos e os acordos da asemblea xeral.

B. Contribuír economicamente ao sostemento da Anpa na forma e modo que se estableza na asemblea xeral. A Xunta Directiva poderá dispensar do pago da cota, ou reducir a súa contía, a aquelas persoas asociadas nas que se observen razóns de índole socio-económicas que así o aconsellen.

C. Facilitarlle á Anpa os datos persoais que esta demande para garantir a relación asociación-persoa asociada, os cales serán tratados consonte o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e lexislación vixente.

Artigo 27º Causa baixa na Anpa:

A. Por petición da persoa interesada.

B. Por deixar de estar matriculada/-o no CEIP a súa filla/pupila ou o seu fillo/pupilo.

C. Por non pagar as cotas, previa posibilidade de reparación/aclaración.

D. Por incumprimento dos Estatutos.

E. Por utilización da Anpa con fins alleos aos específicos da mesma.

Artigo 28º Para excluír a calquera persoa asociada polas causas citadas nos apartados D e E do anterior artigo, debe abrirse un expediente por parte da xunta directiva, no que se sinalarán, detalladamente, os feitos que motivan a expulsión. Así mesmo, deberáselle conceder á propia persoa asociada afectada polo expediente a posibilidade de ser escoitada, e esta poderá presentar un prego de descargo, que se unirá ao expediente, alegando o que considere conveniente na súa defensa. A xunta directiva, unha vez estudado o expediente e o prego de descargo, propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase por decidir a expulsión, terá que ser presentada na seguinte asemblea xeral na que, despois de escoitar tanto a xunta directiva como a persoa asociada, se así o desexase, se tomará unha decisión, que será inapelable.

CAPÍTULO IV

O RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Anpa son os seguintes:

- A.** As cotas das persoas asociadas, periódicas ou extraordinarias, que serán determinadas pola asemblea xeral a proposta da xunta directiva.
- B.** As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptadas, tanto que proveñan de persoas físicas coma xurídicas.
- C.** Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 30º A Anpa carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se adquieran para a realización dos fins sociais. A súa administración e auditoría corresponde á xunta directiva.

Artigo 31º O exercicio anual da Anpa coincide co curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

Artigo 32º A Anpa ten que dispor dunha relación das persoas asociadas e dos bens, levar un libro de actas das reunións que celebre, tanto da asemblea xeral como da xunta directiva, e posuír unha contabilidade que permita obter una imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da situación financeira.

CAPÍTULO V

A DISOLUCIÓN

Artigo 33º Esta Anpa disolverase, voluntariamente, cando así o decida a asemblea xeral convocada ao efecto e por acordo de máis da metade das persoas asociadas presentes.

Artigo 34º En caso de disolución, désígnase unha comisión liquidadora, que, unha vez extinguidas as débedas, doará o sobrante, se existise, ao CEIP Arquitecto Casas Novoa.

A DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como as demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio, en ausencia do autonómico, segundo dispón a Constitución Española.

	A.N.P.A DA SIONLLA C.E.I.P. ARQUITECTO CASAS NOVOA A SIONLLA DE ABAIXO Nº10 – A ENFESTA 15848 – SANTIAGO DE COMPOSTELA anpa.sionlla@gmail.com
--	--

**CERTIFICADO DO ACORDO DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA
NA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIA-
CIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DO IES XELMÍREZ II DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Ana Viqueira Pampín con D. N. I. nº 79.313.218-H, en calidade de secretaria da Asociación de Nais e Pais da Sionlla, á que se refiren estes estatutos, **CERTIFICA** que a modificación dos presentes Estatutos foi aprobada en asemblea xeral extraordinaria da Anpa celebrada o 30 de novembro de 2018.

En Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2018

A Secretaría

A Presidencia

Asdo. Ana Viqueira Pampín

Asdo. Ma Mercedes Martínez Mirás